



TESTOSTERONA Espectáculo xenérico

Trátase dunha obra que cuestiona a división normativa da sociedade en dous sexos e plantexa a posibilidade dun xénero de código aberto, copyleft, modificable e flexible. Ciencia, hormonas, leis, armarios, tecnoloxía, educación, natureza, industria, cultura, capital, rock'n'roll, política..., todo se confabula para artellar esta peculiar ditadura de xénero que nos domina. Testosterona é un exorcismo emancipatorio e teatral que se sirve tanto da música en directo, a performance, o transformismo, a comedia, o naturalismo, ou o vídeo, como do silencio, a pouca luz ou a simple blasfemia. Sen renunciar aos elementos propios do teatro Chévere: humor, irreverencia, complicidade co público..., Testosterona explora tamén o territorio das emocións.

Sinopse

Tito e Fran son dous colegas que acaban de montar un grupete de punk-rock, Os Dildos. Hoxe terán que tocar eles dous sós, guitarra e batería, porque Luismi, o baixista, deixou o grupo antes de que poidesen dar o seu primeiro concerto. Tito é a figura carismática dos Dildos, un guitarrista curtido en todo tipo de conflitos e disputas. Fran é o cerebro do grupo, un baterista atípico que escribe coa mesma contundencia coa que golpea na caixa

Estrea

12 febreiro 2009, Sala NASA,
Santiago de Compostela

Audiencia: a partir de 14 anos

Duración: 100 minutos

Espazo escénico

8 m Ancho x 7 m Fondo x 4 m Alto

Unha obra creada por Patricia de Lorenzo, Natalia Outeiro e Xron, feita coa colaboración de Carlos Alonso (escenografía, atrezzo), Xacobe Martínez Antelo (banda sonora), Fanny Bello (caracterización), Juancho Gianzo (producción), Fidel Vázquez (iluminación), Xurxo Pinheiro (son), Patricia Falci (vídeos), Ana Pintos (foto), Rosana (perruquería), Adriana Tubío (administración, distribución), Elena Valiño (comunicación) e Fausto Isorna (deseño gráfico). Unha co-produción do Grupo Chévere e a sala NASA. Para a elaboración deste espectáculo foron fundamentais as lecturas de autoras como Beatriz Preciado, Anne Fausto-Sterling, Valerie Solanas, Judith Butler, Virginie Despentes, Donna Haraway ou Eve Kosofsky. O noso agradecemento ao Centro Dramático Galego, a Patri e Expo de Lilith, á doutora Helena Rodríguez, ao doutor Jose Ferro, e a todas as mulleres participantes nos obradoiros «Ser home por un día».